

‘Eroski Paraíso’ gaña o Premio Gala do Libro Galego na categoría “Teatro”



A Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega (AELG), Asociación Galega de Editoras (AGE) e Federación de Librarías de Galicia (FLG) celebraron onte a cuarta edición dos Premios Gala do Libro Galego no Teatro Principal de Santiago de Compostela. *Eroski Paraíso*, de Chévere, editada por Kalandraka, foi a obra gañadora na categoría de Teatro.

Eroski Paraíso, editada por Kalandraka na súa colección “Teatro”, é unha comedia documental que explora a memoria colectiva, a deriva vital e a transformación das relacións dentro dunha pequena comunidade a partir de historias reais recollidas sobre a sala de festas O Paraíso, que funcionou en Muros de 1972 a 1990 e que despois se converteu nun supermercado Eroski. Dirixida por Xesús Ron, a obra adapta a linguaxe cinematográfica e os recursos do documental para artellar unha peza teatral na que os personaxes chegan a resultar máis reais que os propios intérpretes.

Eroski Paraíso estreouse no Teatro Principal de Donostia e na antiga fábrica de conservas Sel de Muros en marzo de 2016. Dende a súa estrea hai tres anos, esta montaxe -galardoada cos [Premios María Casares 2017](#) á mellor dirección, mellor espectáculo, mellor actriz protagonista e mellor canción orixinal- chegou a ser un dos espectáculos galegos máis vistos e con maior proxección estatal dos últimos anos.

Paralelamente ao percorrido teatral de *Eroski Paraíso* e á súa versión en formato libro, tamén se rodou unha adaptación cinematográfica -dirixida por Jorge Coira- [que se estreará](#) proximamente no próximo Festival de Cans.

Coa colección Biblioteca de Teatro, KALANDRAKA contribúe á celebración dos 30 anos de Chévere publicando as súas obras completas para que os espectadores sigan gozando do seu talento cando cae o pano. A iniciativa busca documentar ese teatro “feito a pé de escenario”, como precisa a compañía, da que é posible ir descubrindo “como transforma o texto cun imaxinario propio e intransferible” forxando un estilo xenuíno que se caracteriza polo “ton irreverente e canalla” das súas producións.